



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expte. núm. 2021/E001/000006

Ref.: SEC

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR ENCARGADO DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DUNHA LISTA DE ESPERA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBGRUPO A1 (BOP NÚMERO 77 DO 27/04/2021)

Ás 09 horas e 45 minutos do día 28/06/2021, na segunda planta da Casa Dopeso do concello das Pontes de García Rodríguez, reúnen-se as persoas que a continuación se indican para integrar o tribunal encargado do proceso selectivo encamiñado á selección de persoal coa categoría de técnico de administración xeral, subgrupo A1, coa condición de funcionario/a interino/a, que integrarán unha lista de espera á que acudir cando sexa necesario proceder ao seu nomeamento.

A convocatoria e as bases que a rexen foron obxecto de aprobación mediante o Decreto 745/2021, do 22 de abril, da concelleira delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego, (BOP núm. 77, do 27/04/2021).

O Tribunal foi designado mediante o Decreto 1105/2021, do 10 de xuño, que tamén aprobou a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas e fixou o lugar e a data e hora de realización do proceso selectivo.

O tribunal queda constituído como a seguir se indica:

- Presidenta:
Alejandra Pardo Vázquez.
- Vogais:
Cristina Morán Monzo.
Miguel Ángel Arroyo Moreno.
- Secretaria:
Marina Núñez Orjales.

Logo de constituído o órgano de selección e propostos os supostos prácticos realizar, procédese a chamar e identificar ás persoas aspirantes que superaron o primeiro exercicio da fase de oposición (obrigatorio e eliminatorio).

O segundo exercicio desenvólvese sen identificar a persoa aspirante seguindo o mesmo método que para o primeiro exercicio. Efectúase un sorteo entre dous supostos prácticos que propuxo o tribunal e, de seguido, entregase o exame.

O exame comeza ás 10:00 h e remata as 12:00 h.

Os membros do tribunal, ás 12:10 h, comezan o acto de apertura dos sobres que conteñen os exames e a súa lectura.

Unha vez feita a valoración de todos os exames, o órgano de selección abre os sobres que conteñen a identificación de cada aspirante.

As cualificacións obtidas neste exame son as seguintes:

ASPIRANTES	DNI	CUALIFICACIÓN
Bermúdez González, Pilar	***1055**	7,5
Roca Vázquez, María	***4609**	7,8
Roibal Paseiro, Jesús	***8442**	7,5



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expte. núm. 2021/E001/000006

Ref.: SEC

--	--	--

Todas as persoas aspirantes están en posesión do certificado Celga 4 ou o seu equivalente; o tribunal declara a innecesariedade de efectuar a proba específica de coñecemento da lingua galega.

A continuación o tribunal valora os méritos da fase de concurso consonte ao contido na base 7.3 das bases que rexen a convocatoria. Os resultados son os seguintes:

Aspirantes	Apartado a) (experiencia subgrupos A1/A2)	Apartado b) (exames superados TAX)	Apartado c) (exames FHN)	Apartado d) (Integrar lista FHN interinos)	Apartado e) (formación)	Apartado f) (titulación superior)	Puntuación
Bermúdez González, Pilar	1,4	0,4	---	---	1	---	2,80
María Roca Vázquez	1,8	0,40	---	---	1	---	3,20
Roibal Paseiro, Jesús	3	---	---	---	1	0,75	4,75

Contra as cualificacións do segundo exercicio e a valoración da fase de concurso as persoas aspirantes poderán reclamar perante o tribunal seleccionador no prazo de cinco días hábiles a contar dende o seguinte ao de seren publicados os resultados no taboleiro de anuncios electrónico (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>).

PUNTUACIÓN DAS DÚAS FASES E RESULTADO FINAL:

Aspirante	DNI	Fase de oposición	Fase de concurso	Puntuación total
Bermúdez González, Pilar	***1055**	12,5 (5+ 7,5)	2,8	15,30
Roca Vázquez, María	***4609**	13,3 (5,5+7,8)	3,20	16,50
Roibal Paseiro, Jesús	***8442**	12,5 (5+7,5)	4,75	17,25

O tribunal propón as anteriores persoas aspirantes, de acordo coa seguinte orde decrecente de puntuación, para a creación dunha lista de espera:

Aspirante	DNI	Fase de oposición	Fase de concurso	Puntuación total
Roibal Paseiro, Jesús	***8442**	12,5 (5+7,5)	4,75	17,25
Roca Vázquez, María	***4609**	13,3 (5,5+7,8)	3,20	16,50
Bermúdez González, Pilar	***1055**	12,5 (5+ 7,5)	2,8	15,30

Contra esta proposta efectuada polo Tribunal de selección, as persoas aspirantes poderán interpor o recurso de alzada regulado nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, de



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expte. núm. 2021/E001/000006

Ref.: SEC

procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico do concello, ante o órgano que o ditou ou ante o órgano competente par resolvelo, a concelleira-delegada da Área de Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego.

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidenta declara concluída a sesión, ás trece horas e corenta e cinco minutos do día sinalado.

Do actuado redáctase esta acta que asinan dixitalmente a presidenta e a secretaria do órgano de selección.

As Pontes de García Rodríguez,